



FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Grao en Historia

Traballo de Fin de Grao

O Holocausto baixo a mirada dos nenos

Lúa Álvarez Escudero

Alumna

Antonio Míguez Macho

Titor

Departamento de Historia Contemporánea

Santiago de Compostela

Curso 2023-2024

RESUMO: A historiografía abordou cumpridamente o tema do Holocausto pero prestou menos atención aos nenos. Este traballo propónse explorar como estes percibiron e documentaron o xenocidio xudeu a través dos seus diarios e debuxos. Examinaranse diversos aspectos, como as políticas antisemitas, a Solución Final e a vida cotiá nos campos de concentración e exterminio. Ademais, analizarase como se lembra o Holocausto na actualidade tanto en contextos oficiais como en institucións e museos, así como na cultura popular, a través de películas.

Palabras chave: Holocausto, nenos, vida cotiá, memorias infantís, conmemoración.

RESUMEN: La historiografía abordó extensamente el tema del Holocausto pero prestó menos atención a los niños. Este trabajo se propone explorar cómo estos percibieron y documentaron el genocidio judío a través de sus diarios y dibujos. Se examinarán diversos aspectos, como las políticas antisemitas, la Solución Final y la vida cotidiana en los campos de concentración y exterminio. Además, se analizará cómo se recuerda el Holocausto en la actualidad tanto en contextos oficiales como en instituciones y museos, así como en la cultura popular, a través de películas.

Palabras clave: Holocausto, niños, vida cotidiana, memorias infantiles, conmemoración.

ABSTRACT: Historiography has dealt extensively with the subject of the Holocaust but has paid less attention to children. This paper aims to explore how Jewish children perceived and documented the genocide through their diaries and drawings. Various aspects will be examined, such as antisemitic policies, the Final Solution, and daily life in the concentration and extermination camps. In addition, it will analyze how the Holocaust is remembered today both in official contexts such as in institutions and museums, as well as in popular culture, through films and other media.

Key words: Holocaust, children, everyday life, childhood memories, commemoration.

ÍNDICE

Introdución	3
1. Estado da cuestión, descrición de fontes e metodoloxía	4
1.1. Estado da cuestión	4
1.2. Descrición de fontes e metodoloxía	7
2. Sistema concentracionario	10
2.1. Orixes	10
2.2. Entramado concentracionario nazi	11
2.2.1. Tipoloxía	12
2.2.2. Etapas	12
2.2.3. Auschwitz	13
3. Os nenos no Holocausto	13
3.1. A chegada do réxime nazi: política de exclusión xudía e guerra	14
3.1.1. Primeiros momentos	14
3.1.2. Solución Final	16
3.1.3. A guerra	18
3.2. Necesidades básicas dentro dun campo	18
3.3. Quefaceres, ensinanza concentracionaria e política de control	21
4. Memoria	23
4.1. As superviventes	23
4.2. Memoria institucional e museística	24
4.3. Memoria da cultura popular	25
Conclusións	26
Bibliografía e fontes	30
Bibliografía	30
Fontes	31
Debuxos	31
Diarios	31
Museos e institucións	31
Películas e entrevistas	32
Anexo	33

Introdución

O Holocausto representa un dos episodios máis desgarradores do século XX, caracterizado por atrocidades inimaxinables hoxe en día. Esta traxedia non só afectou a adultos, senón que tamén se estendeu aos nenos, engadindo unha capa adicional de horror á narrativa. Con este traballo preténdese investigar a experiencia dos nenos xudeus durante este período escuro, dado o limitado enfoque que recibiron nos estudos do Holocausto, cun especial interese no que respecta a súa vida nos campos de concentración e exterminio nazis.

Resulta chamativo como, trala chegada de Hitler ao poder, se foron emitindo distintas leis gradualmente, de maneira que se foron asimilando e normalizando cuestións, que noutro contexto serían impensables. Neste sentido, unha das preguntas que se fará neste traballo é como os nenos viron isto, e se entendían ou non a gravidade do asunto. Tamén interesa todo o sistema de deportacións que se levaron a cabo para “limpar” de xudeus Alemaña e os territorios conquistados por esta.

No relativo aos campos, xorden diversas interrogantes sobre aspectos cotiáns, como a alimentación dos nenos e o seu valor nutritivo ou a súa posible variación con respecto á dos adultos. Así mesmo, cuestiónase a hixiene nos campos, indagando sobre os hábitos de ducha e limpeza. A indumentaria tamén é obxecto de análise, incluíndo posibles diferenzas segundo a idade e a política de reutilización e reparto da mesma.

Dous aspectos particulares aos que se lles presta atención son os xogos e o traballo dos nenos nos campos de concentración; se tiñan oportunidade de xogar, e se existía algún xogo permitido polas autoridades. Respecto ao traballo, interesa coñecer se realizaban labores distintos aos dos adultos e tamén como eran castigados se non daban traballado. Buscaranse respostas a estas preguntas utilizando os diarios e debuxos dos propios nenos internados.

Ademais, explorarase a pegada en forma de trauma nos sobreviventes, considerando a perda familiar e os posibles danos físicos derivados da desnutrición prolongada, a través de entrevistas. A memoria colectiva tamén é obxecto de estudo, tanto a nivel institucional, como na cultura popular. Investigarase como os museos e outras

institucións conmemoran aos nenos do Holocausto; así como a representación destes en películas, comparándoas cos relatos nos diarios para coñecer de que maneira queren deixar constancia da figura dos nenos dentro do sistema concentracionario e se distan moito da realidade.

Para abordar estas preguntas de maneira organizada, seguirase un esquema que comezará cun primeiro apartado, onde se fará unha breve aproximación ao estado da cuestión, á descrición das fontes e á metodoloxía empregada. Nun segundo apartado farase unha breve alusión ao sistema concentracionario nazi, por ser este o contexto onde ten lugar esta investigación. Cabe aclarar que non se pretende en sentido ningún achegar ideas novas ao xa investigado por anteriores historiadores, tendo como só propósito contextualizar este traballo.

No terceiro apartado abordarase o obxecto de estudo en si mesmo, respondendo ás preguntas aquí expostas mediante subapartados sobre a política antisemita e a vivencia nos campos de concentración e exterminio. Nun cuarto apartado explorarase o tema da memoria, primeiro a través dos testemuños das sobreviventes e logo mediante a perspectiva actual da colectividade, diferenciando entre o institucional e o popular. Finalmente, presentaranse as conclusións do traballo, resaltando as ideas principais e discutindo os problemas atopados. Como peche engadirase un breve anexo onde se achegarán todos os debuxos que gardan relación co texto.

1. Estado da cuestión, descrición de fontes e metodoloxía

1.1. Estado da cuestión

Neste apartado tratarase de describir de maneira concisa a evolución dos estudos sobre o Holocausto, con atención á cuestión dos nenos, dende a fin da Segunda Guerra Mundial ata a actualidade. Para iso empregaranse tanto estudos historiográficos sobre o tema como achegas propias trala lectura dalgúns historiadores. Neste sentido cabería aclarar que non se trata en ningún caso dun traballo historiográfico, senón que pretende dar unha visión global da evolución dos estudos.

Despois da fin da Segunda Guerra Mundial, o Holocausto non foi un tema que atraese moita atención de inmediato debido a unha serie de razóns. Por unha banda,

moitos dos sobreviventes xudeus emigraran de Europa, especialmente a Israel e a Estados Unidos. Ademais, a maioría non mostraba predisposición a mencionar o tema debido ao recordo das vítimas, ao que se debe engadir un coñecemento da poboación bastante limitado da política racial nazi. Por outra banda, nese momento, considerábase como prioridade máis urxente a reconstrución de Europa despois da guerra (Lozano, 2010, pp. 27-28). Con todo, realizáronse algunhas publicacións significativas, como *The Origins of Totalitarianism* da doutora Hannah Arendt en 1951.

Na década dos sesenta obsérvase unha maior concienciación sobre o xenocidio xudeu, que proviría principalmente da súa maior presenza nos medios de comunicación e non tanto nas obras dos historiadores, sendo a obra pioneira *The Destruction of the Europeans Jews* de Raul Hilberg, publicada en 1961 (Lozano, 2010, pp. 27, 35-36). A maiores, será fundamental o xuízo a Eichmann que “marca un momento fundamental na historia da memoria do xenocidio”, que “pasa a ser central na forma en que moitos definen a identidade xudía” (Wieviorka, 1998, p. 56). Neste sentido, é de considerar a publicación en 1963 de Hannah Arendt, *Eichmann in Jerusalem: A Report on the Banality of Evil*.

Será cara a finais desta década cando se comece a estudar e escribir máis sobre o Holocausto. Aínda que as primeiras obras eran percibidas por algúns como descrições xerais do fenómeno, habería que esperar un tempo para que se enfocasen en temas máis específicos (Lozano, 2010, pp. 28-29). Ao chegar a finais dos anos setenta, dous fitos teñen un grande impacto mediático: a serie *Holocaust*, dirixida por Chomsky; e a creación da comisión governamental para construír o Museo Memorial en Washington, os que contribuíron á “globalización” do Holocausto (Bevilacqua, 2022, p. 22).

Algúns autores consideran que nestas décadas (é dicir, dos 60 aos 80) se fai especial énfase na natureza única e singular do Holocausto, así como na adopción de termos específicos para referirse a el. De maneira que, xunto con *Holocausto*, termos como *Shoah* ou *Auschwitz* comezan a popularizarse en lugar do anteriormente coñecido como *atrocidades nazis* (Bevilacqua, 2022, p. 24). Este período foi definido historiograficamente do seguinte xeito: “ultimamente, o Holocausto foi sometido a unha grande cantidade de tratamento que resultou en escuridade ou ofuscación”.

Existía un debate entre historiadores e pseudohistoriadores, onde os segundos chegan a negar a existencia do Holocausto (Bauer, 1978, p. 30).

Será dende finais dos 80 cando se comece a redefinir e ampliar a reflexión disciplinaria sobre o Holocausto. Por exemplo, Bauman, en 1989, con *Modernity and the Holocaust*, reforza a concepción do Holocausto como un acontecemento que podería sucederlle a calquera outro grupo humano (Bokser, 2017, pp. 340-341).

Seguindo esta liña, na década dos noventa advírtese unha diversificación temática, por exemplo coa análise da persecución doutros grupos como os xitanos, os enfermos mentais ou os homosexuais. Entre finais da década e principios do século XXI xa se foron realizando estudos que outorgaron maior foco a subgrupos como a cuestión xitana da man de Lewy no ano 2000, *The Nazi Persecution of the Gypsies*. Aínda que continúa o debate sobre a singularidade do Holocausto, por exemplo en *The Racial State: Germany 1933-1945* publicado en 1991 por Burleigh e Wippermann.

Nas primeiras dúas décadas do século XXI foron aumentando a publicación de investigacións sobre o Holocausto desde enfoques notablemente distintos aos anteriores. Por exemplo, *Historia: Holocausto. Anticipando lo que puede ocurrir cuando ya ocurrió* de Adina Cimet, publicado en 2023, que aborda a política de memoria de diversos países europeos, como o caso de Polonia; ou a tese de Rocío González Cabello, *La Música en Auschwitz; El Sonido del Holocausto* que se centra na música e na arte como instrumentos de propaganda do Terceiro Reich e o seu papel dentro dos campos de concentración.

Con todo, os nenos adoitan ser un subtema nos estudos, a miúdo tratado xunto ao das mulleres, con só breves alusións a eles, sen centrarse, polo tanto, de maneira específica na experiencia infantil. De feito, para atopar unha maior atención cara a este aspecto, hai que remontarse á publicación de Deborah Dwork en 1991, *Children with a Star: Jewish Youth in Nazi Europe*. Quen na introdución, deixa claro: “Este libro trata sobre a experiencia de vida dos nenos na Europa nazi” (Dwork, 1991, p.xi).

É certo que nas últimas décadas publicáronse máis obras onde os nenos son o tema central, como *Los niños escondidos: Del Holocausto a Buenos Aires* de Diana Wang,

quen sinala na súa introdución: “a historia oficial sempre se contou a partir da mirada dos adultos” e di que os nenos “foron os protagonistas, ata o de agora nas sombras, desa traxedia humana que foi o xenocidio xudeu” (Wang, 2004, p. 9). Tamén destaca o libro *Children during the Holocaust* publicado no ano 2011 por Patricia Heberer. Así e todo, os estudos históricos sobre a infancia no Holocausto seguen sendo escasos e obsérvase un contraste entre esta falta de interese dos historiadores cunha forte política de memoria, por exemplo dos museos, onde os nenos adoitan acaparar a maior parte do protagonismo coa publicación de fotos dos mesmos, fragmentos de diarios e debuxos feitos por eles.

Como síntese, o Holocausto é un tema de estudo complexo debido á súa natureza de xenocidio, o que inicialmente levou a súa elusión. Tras “superar” este silencio, xurdiron debates que tentaron minimizalo ou atribuírle unha singularidade especial; sendo nas últimas décadas cando xurdiron estudos que abordaron o tema desde perspectivas menos convencionais, centrándose en cuestións antes tratadas como subtemas como o caso dos xitanos, das mulleres ou, ao que a este traballo interesa en especial, os nenos.

1.2. Descrición de fontes e metodoloxía

Procederáse a detallar as fontes e a metodoloxía empregada ao longo do traballo; no que se pretende unha descrición de todas as fontes primarias utilizadas, así como unha presentación da metodoloxía seleccionada. Para levar a cabo este traballo, realizouse unha revisión bibliográfica que incluíu estudos previos realizados por historiadores. Estes materiais proporcionaron unha base para comprender o contexto e os aspectos xerais do tema. Ademais, levouse a cabo unha tarefa de investigación, acudindo a fontes primarias como diarios, debuxos, entrevistas, películas e páxinas web de museos e institucións.

En canto aos diarios, estes constitúen a principal fonte deste traballo para obter información sobre a perspectiva dos nenos xudeus dentro da política de persecución xudía nazi. Seleccionáronse diarios escritos por nenos e nenas xudeus de entre 12 e 15 anos de diferentes nacionalidades, incluíndo: Polonia con Mary Berg e Rutka Leiblich; e a antiga Checoslovaquia con Petr Ginz e Helga Weissová. Todos comparten como

característica común a narración da vida dentro de guetos, campos de concentración e/ou exterminio, con maior ou menor grao de detalle. Por esta razón, o amplamente coñecido diario de Ana Frank non será obxecto de análise, xa que non aborda esta especificidade ao limitarse a relatar a súa vida oculta dos nazis.

En canto a Miriam Wattenberg, coñecida tamén como Mary Berg, naceu en Lodz (Polonia) o 10 de outubro de 1924, e faleceu en Estados Unidos no 2013. A súa singularidade radica en ser filla dunha cidadá estadounidense, circunstancia que lle permitiu sobrevivir ao Holocausto e ser trasladada a Estados Unidos xunto coa súa familia. O seu diario comeza o día do seu aniversario número quince, o 10 de outubro de 1939, e conclúe coa súa chegada a Estados Unidos en marzo de 1944, despois de ser liberada. Decidiu publicalo co fin de axudar aos xudeus que aínda estaban en mans dos nazis e nel reflíctense as vivencias da protagonista, así como as dos seus familiares e amigos, principalmente no gueto de Varsovia, durante catro anos.

Rutka Leiblich (ou Laskier) naceu na actual Gdansk o 12 de xuño de 1929 e foi asasinada aos 14 anos en Auschwitz en 1943. Filla de xudeus polacos, quedou atrapada no gueto de Bedzin, onde escribiu un diario durante os últimos meses da súa vida, entre xaneiro e abril, co propósito, nas súas propias palabras, de “verter no papel todo o desconcerto que levo dentro” (Leiblich, 2008, p. 12). O diario reflicte as preocupacións típicas dos nenos da súa idade, como o amor, o desamor e a amizade, mesturadas con descrições das atrocidades que os nazis estaban a cometer contra o pobo xudeu.

Petr Ginz, nacido en Praga o 1 de febreiro de 1928, faleceu aos 16 anos en Auschwitz en 1944, vítima de asfixia nunha cámara de gas. Fillo dun matrimonio mixto, con nai cristiá e pai xudeu, a súa condición de fillo maior de 14 anos non o eximiu de ser levado ao campo de concentración. Destacou pola súa notable habilidade para a escritura e a pintura, sendo recoñecidas algunhas das súas obras, incluídas aquelas creadas en Terezin, e un grande número de pinturas que se conservan no Museo Xudeu de Praga. O seu diario está dividido en dúas partes: a primeira abarca desde o 19 de setembro de 1941 ata o 23 de febreiro de 1942, mentres que a segunda vai desde o 24 de febreiro de 1942 ata o 8 de agosto de 1942. No seu contido,

obsérvase un patrón diario que inclúe comentarios sobre o clima e as súas actividades cotiás, como ir ao colexio, á biblioteca ou ao ximnasio. Ademais, de maneira case natural, relata as experiencias de control e castigo impostas polos nazis, sen expresar as súas emocións respecto diso.

Helga Weissová, nacida o 10 de novembro de 1929 en Praga, é unha das sobreviventes do Holocausto, agora con 94 anos e residenciada na casa da súa infancia. A súa contribución ao coñecemento e a memoria do Holocausto é significativa, xa que, ademais da publicación do seu diario, continúa dando entrevistas a día de hoxe. O diario de Helga comeza coa mobilización en 1938, onde relata a ocupación de Checoslovaquia, e conclúe en maio do 1945. Nel, narra a súa experiencia desde a chegada dos nazis, o transporte ao campo de Terezin e a súa estancia alí durante tres anos (1941-1944). Posteriormente, describe a súa vivencia en Auschwitz, Freiberg e Mauthausen no ano 1945, momento en que foi liberada ao finalizar a Segunda Guerra Mundial. Antes de finalizar é importante citar as palabras de Helga debido ao impacto que teñen sobre a natureza azarosa da vida:

Tamén o noso transporte estaba asignado ao gas! Aos últimos mil gaseáronos o mércores, logo meteuse a Cruz Vermella. Hoxe é luns. Así que chegamos catro días tarde. Se non fôra polo intento de ir a Flossenbürg..., foi o único que nos salvou. Sorte? Casualidade? Destino? (Weissová, 2013, p. 172).

Cabería sinalar que estes diarios foron seleccionados por estar publicados en castelán, descartando versións noutros idiomas debido a dificultades de lectura. O mesmo ocorre cos diarios non editados, que se excluiron polo seu carácter fragmentario. Os debuxos tamén son unha fonte significativa, proporcionando unha representación visual da vida nos campos desde a perspectiva dos máis pequenos, destacando especialmente o traballo de Helga Weissová e Thomas Geve.

Pasando á parte da memoria, as entrevistas utilizaranse para recompilar testemuños de sobreviventes, ofrecendo unha visión directa daqueles que sobreviviron ao sistema nazi. Consideraranse as experiencias das dúas nenas superviventes e autoras dos diarios estudados: Helga Weissová e Mary Berg. Para explorar a información relacionada con Helga, utilizarase unha entrevista transmitida por RTVE o 1 de

outubro de 2015, titulada *Helga y las mariposas*. Mentres que para comprender o contexto de Mary, utilizarase un extracto dun artigo escrito por Amy Rosenberg, publicado en *Tablet* no ano 2008.

Para estudar a memoria institucional e museística do Holocausto, utilizarase a páxina oficial de Yad Vashem, así como a do Museo Estatal de Auschwitz-Birkenau e a do Museo Conmemorativo do Holocausto dos Estados Unidos. O obxectivo é analizar como se representa a memoria do Holocausto, e especificamente a dos nenos, nestes contextos. Finalmente, o material fílmico tamén se considerará importante para comprender a memoria colectiva do Holocausto e a súa relación cos feitos reais. Utilizaranse as películas populares: *The Boy in the Striped Pyjamas* e *La vita è bella*.

2. Sistema concentracionario

Antes de abordar o tema da experiencia infantil no sistema concentracionario¹ nazi, é esencial proporcionar unha breve descrición destes lugares. En primeiro lugar, exploraranse as súas orixes, para logo centrarnos no sistema nazi en si mesmo, incluíndo a súa tipoloxía e as diferentes etapas que atravesaron. Por último, farase unha breve alusión ao campo de concentración máis coñecido, Auschwitz.

2.1. Orixes

Inicialmente, o termo *campo de concentración* referíase a un lugar onde se detiña a un número considerable de membros dun grupo, xa fose político, nacional, social ou relixioso (Stanislaw, 2005, p. 52). Entre os estudos previos, destaca o de Hannah Arendt, quen, aínda que non puido levar a cabo o seu proxecto de investigación debido á falta de financiamento, sinalou que os campos de concentración non eran unha creación exclusiva do nazismo, xurdindo no último cuarto do século XIX durante a guerra dos Bóeres en África (Ávila, 2014, pp. 179-180). Ben é certo que o primeiro sistema de concentración significativo foi o soviético no século XX, cos campos fixos de “traballo correctivo”; os que, porén, tomarán como maior exemplo o sistema nazi, tanto polo número de persoas afectadas como polos métodos empregados (Stanislaw, 2005, pp. 52, 60-61).


¹ Utilízase o termo *sistema concentracionario* para abarcar os campos de concentración, exterminio e traballo.

2.2. Entramado concentracionario nazi

Os campos de concentración, de exterminio e de traballo establecidos durante o réxime hitleriano foron o resultado dunha política planificada que buscaba o illamento de grupos de persoas, a explotación do seu traballo como escravos, a intimidación e o exterminio en masa. A súa orixe remóntase a 1933, cando os nazis tomaron o poder en Alemaña e crearon decretos que autorizaban a detención indefinida de individuos considerados inimigos do Estado (Stanislaw, 2005, p. 52). Nun principio, a política de detención enfocouse en individuos sospeitosos de oposición política. Posteriormente, na persecución do “inimigo obxectivo”, que podían ser tanto xudeus como polacos. Nunha fase final, a selección de vítimas tornouse arbitrariamente baixo a categoría de “indesexables”, incluíndo enfermos mentais ou persoas con afeccións pulmonares, entre outros exemplos (Arendt, 1951, p. 527).

Arendt resaltou varias características dos campos nazis, argumentando que, máis aló da súa función para exterminar e degradar ás persoas, tamén se utilizaron para “converter a personalidade humana en mera cousa, algo que nin sequera os animais son” (Arendt, 1951, p. 533).

Figura 1. Enciclopedia del Holocausto. (s.f.) *Los principales campos nazis de la Gran Alemania, 1944*



<https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/map/major-nazi-camps-in-greater-germany-1944>.

No conxunto do Terceiro Reich, os países ocupados e aliados contabilizáronse ao redor de 12.000 campos (Figura 1), subcampos e comandos de traballo, polos que pasaron uns 18 millóns de prisioneiros de diversas nacionalidades, dos cales faleceron 11 millóns. A localización dos campos de concentración seleccionábase en base a

varios factores, como a accesibilidade, a proximidade ás poboacións destinadas a ser exterminadas, ás instalacións produtivas (como minas ou canteiras, para aproveitar a man de obra escrava dos prisioneiros) e as condicións climáticas desfavorables (Stanislaw, 2005, pp. 54-55).

2.2.1. Tipoloxía

En canto á tipoloxía dos campos, poderían clasificarse segundo o tipo de traballo, a nacionalidade dos prisioneiros ou o grao de represión do réxime (Stanislaw, 2005, p. 77). Pero tamén existen outras maneiras de clasificación, por exemplo, segundo os seus obxectivos. Seguindo a Arendt, distínguense tres categorías: *Hades*, campos cuxa finalidade é a concentración e illamento de persoas consideradas indesexables polo goberno; *Purgatorio*, representa unha etapa intermedia caracterizada pola combinación de detención e traballo forzado; e *Inferno*, que describe dispositivos organizados co propósito de experimentar coa vida dos prisioneiros e sometelos ao máximo tormento posible, sen obter ningún beneficio económico (Arendt, 1951).

2.2.2. Etapas

Na primeira etapa (desde 1933 a 1939) leváronse a cabo as primeiras construcións de campos de concentración en Alemaña, algúns deles de carácter provisional, que serviron principalmente para o traballo e a produtividade, sen, relativamente, un alto número de mortes na maioría deles, xa que a intención de asasinato era aínda unha excepción (Wachsmann, 2015).

Durante a segunda etapa (de 1939 a 1942), tanto o número como a extensión dos campos de concentración aumentaron, situándose maioritariamente fóra de Alemaña. Ademais, xurdiron os campos de exterminio para aumentar a eficiencia e reducir custos e tempo; abandonándose métodos como aforcamentos ou fusilamentos, en favor do uso de camións e furgóns cuxos gases de escape eran dirixidos cara ao interior onde se atopaban os prisioneiros, e empezáronse a usar cámaras de gas (Museo Conmemorativo del Holocausto de los Estados Unidos [MCHEE], s.f. 1a).

A terceira etapa (de 1942 a 1945) comezou coa Conferencia de Wannsee, o 20 de xaneiro de 1942, na que os líderes nazis planificaron o que se coñeceu como a

Solución Final. Goering encomendou ás SS esta tarefa, que consistía na aniquilación dos xudeus, tanto no Reich como nos países ocupados de Europa (Wachsmann, 2015). Así creáronse campos de exterminio independentes como Belzec, Sobibór e o máis grande en Treblinka, xa que ata o momento os existentes formaban parte dos complexos de Auschwitz-Birkenau e Majdanek (Stanislaw, 2005, p. 59).

2.2.3. Auschwitz

Dachau, en marzo de 1933 converteuse no primeiro campo de concentración nazi, deseñado para albergar a 5.000 prisioneiros (Smith, 1972, p. xvii). Con todo, será Auschwitz-Birkenau o que se converteu no emblema do sistema de campos de concentración alemán, sendo o máis grande desde 1940. Este contou con tres seccións principais: Auschwitz, Birkenau e Monowitz, e máis de 40 subcampos. Os prisioneiros que albergou eran principalmente xudeus e polacos, xunto cun pequeno número de prisioneiros doutras nacionalidades. Dos 1.3 millóns de persoas que pasaron por alí, uns 1.100.300 faleceron, sendo os 90% xudeus (Stanislaw, 2005, p. 56).

3. Os nenos no Holocausto

Figura 2. Campos polos que pasaron os nenos dos diarios²



No xenocidio xudeu, os nenos son as vítimas supremas e universais, eliminando a un millón e medio deles. Do total estimado de xudeus que vivían en Europa, só

² De elaboración propia. Utilizáronse distintas cores para representar os campos que estes nenos percorreron: Helga está marcada en violeta; Petr, en azul; Mary, en amarelo; e Rutka, en verde.

sobreviviu ao redor do 15% dos adultos, pero tan só o 7% dos nenos; apenas ao redor de 100 mil nenos xudeus, a maioría en condicións extremadamente difíciles que marcaron as súas vidas para sempre (Wang, 2004, p. 9, 13-14).

Neste apartado búscase retratar a experiencia vivida polos nenos desde a súa propia perspectiva, desde a chegada dos Nazis ao poder ata a implementación da Solución Final. É importante sinalar que a situación de cada protagonista é única (Figura 2): algúns viviron en guetos como o de Varsovia, mentres que outros estiveron en campos como Terezin ou no campo de exterminio de Auschwitz. Debido a que o obxectivo do traballo non son as tipoloxías dos campos omitírase este tipo de distinción.

3.1. A chegada do réxime nazi: política de exclusión xudía e guerra

3.1.1. Primeiros momentos

En todos os diarios relátase, en maior ou menor medida, como desde a chegada dos nazis aos países conquistados, se promulgaron novos decretos “que cada vez oprimen máis, cada vez fan máis dano” (Weissová, 2013, p. 26), especialmente dirixidos contra os xudeus, que resultaron ser os máis afectados³. Menciónase repetidamente o aumento do antisemitismo, tanto nos xornais como entre a poboación aria, incluíndo antigos coñecidos, veciños e mesmo amigos. Descríbese como os xudeus eran obxecto de labazadas, malleiras e roubos mentres camiñaban polas rúas.

En canto aos decretos nazis, pódense enumerar varios exemplos: a prohibición de ocupar cargos estatais; a prohibición de actos relixiosos e vodas xudías, sobre o cal Mary Berg sinala que estas celebracións non deixan de aumentar “por mor dos perigos que nos rodean, todas as parellas comprometidas queren estar xuntas” (Berg, 2010, p. 15); a prohibición de acceder a lugares públicos, incluídas as escolas, o que levou á creación do que Helga chama “círculos” para que os nenos puidesen seguir estudando.

Outras leis incluían a restrición de afastarse máis de 30 km dos seus fogares, xunto cun horario estrito que limitaba a saída á rúa antes das seis da mañá ou despois das

³ Tamén afectaba ás familias mixtas (como a de Petr) e aos conversos cristiáns de primeira e segunda xeración, que eran considerados de todos os xeitos xudeus. Con todo, menciónase como os xudeus con nacionalidade estranxeira non eran “tocados” polos nazis e gozaban de certos “privilexios”, como non ter que levar brazaletes identificativos ou realizar traballos forzados; “teñen polo menos un 90% de probabilidades de sobrevivir, mentres que os restantes xudeus só teñen un 10%” (Berg, 2010, p. 20).

oito, e permitíaselles comprar só ás tres da tarde. Ademais, no que respecta ao transporte público, só podían ocupar os asentos traseiros de tranvías e autobuses. Tamén se lles restrinxiu o acceso a certas rúas, o que levou a Petr a comentar que “mellor que aprendermos de memoria será que quede na casa” (Ginz, 2006, p. 117).

Outro aspecto crucial son os inventarios (Figura 4 do anexo) de roupa, mobles e obxectos que os xudeus debían realizar, os cales servirían como guía para que os alemáns confiscasen todas as pertenzas xudías, incluíndo pezas de vestir, especialmente de inverno, diversos instrumentos musicais, maquinaria e obxectos de todo tipo. A isto súmanselle restricións en canto ao acceso a certos alimentos como froitas, verduras, aves, queixo, cebola; “en resumo, está prohibido vivir. Pero nós vivimos a pesar dos nazis” (Berg, 2010, p. 59). Doutra banda, estáballes prohibido levar a esvástica e mencionar o nome de Hitler.

Ademais, a partir dos seis anos, os xudeus estaban obrigados a portar o sinal xudeu, que consistía nunha estrela de David amarela coa inscrición “XUDEU”, cosida na súa roupa. Fronte a isto, obsérvanse diferentes reaccións por parte da poboación: desde unha indiferenza falsa ata manifestacións de mágoa ou burla. Os nenos, pola súa banda, restaban importancia a estes sinais, competindo na escola por mostrar quen a levaba mellor cosida ou xogando a contar estrelas ou “shériffs” pola rúa, desafiante: “que os alemáns vexan que isto non nos preocupa en absoluto [...] para que lles de rabia” (Weissová, 2013, p. 35). Neste contexto, evidénciase como os xudeus foron gradualmente insensibilizándose ante o réxime, normalizando estas políticas de exclusión xudía: “o que resulta agora totalmente corrente, sería motivo de escándalo nunha época normal” (Ginz, 2006, p. 69). A política antisemita nazi reflíctese claramente no poema de Petr (Figura 3 do anexo).

Ademais destas leis, faise especial fincapé na política de deportación (Figuras 5 e 6 do anexo), onde os nazis comezaron a encerrar á xente en campos de concentración: “Todo o mundo, mesmo mulleres e criaturas, está a ser secuestrado polos alemáns e levado a facer traballos forzados” (Berg, 2010, p. 18). Esta situación xeraba preocupación entre a poboación, xa que non sabían que lles esperaba nin onde serían levados, incluídos os nenos: “no colexio estabamos tristes” (Weissová, 2013, p. 26).

Resulta rechamante como todos os nenos fan referencia ao caos nas vivendas xudías e á axuda mutua para preparar as maletas para a viaxe, así como ás formas de librarse pagando. Tamén se destaca o feito de que se asignaba un número de identificación aos deportados: “ou sexa que xa non son persoas, só son números” (Weissová, 2013, p. 42). No caso de Checoslovaquia, ambos os nenos falan sobre o Palacio da Feira/Exposicións, que era o lugar onde debían dirixirse os deportados e desde onde partirían en tren. Helga ofrece unha descrición deste lugar, mencionando a mala calidade da comida (aínda que distribuían leite para a merenda dos nenos), a sucidade, as dificultades de hixiene, especialmente para os homes, e o descanso insatisfactorio. Con todo, tamén menciona que atopaba tempo para xogar cos nenos.

En canto ás viaxes en tren, destaca a narración de Helga da súa viaxe de dezaseis días desde Freiberg ata Mauthausen. Describe as duras condicións de temperatura; o difícil descanso e a pésima hixiene, xa que tiñan que lavarse utilizando o mesmo prato co que comían, contando ademais coa presenza de pulgas na súa roupa. En canto á comida, menciona que apenas se alimentaban, chegando a pasar ata catro días sen comer, e cando o facían, era só unha rebanda de pan e café. Tamén destaca o detalle de que cando se lles acababa a comida e paraban nalgunha poboación, a xente achegábase ao tren para lanzarlles alimentos. Doutra banda, evidénciase o impacto psicolóxico que isto tivo en Helga, quen chegou a considerar o suicidio e a fuga, estando tan exhausta que prefería que lle disparasen antes que ter que moverse.

3.1.2. Solución Final

A Solución Final tamén quedou reflectida nos diarios dos nenos, inicialmente como un rumor que se foi volvendo máis presente co paso do tempo. Por exemplo, en Auschwitz, Helga sospeita: “eu creo que significa gas” (Weissová, 2013, p. 133), e menciona: “o único que vexo e que me contesta son dúas chemineas que botan fume de día e de noite. Polo visto, o crematorio” (Weissová, 2013, p. 135). Resulta intrigante que algúns debuxasen o proceso de selección para determinar quen serían asasinados ou continuarían sendo explotados como forza de traballo (Figura 7 do anexo).

Menciónase como a tortura física e mental convértese nunha rutina, xerando inicialmente resistencia: “queren destruírnos [...] espiritual e moralmente.

Conseguirano? Nunca!” (Ginz, 2006, p 145), e anoxo: “gustaríame torturalos a eles, as súas esposas e aos seus fillos” (Leiblich, 2008, p. 26), e mesmo perda de fe: “Se Deus existise non permitiría que seres humanos fosen lanzados vivos a fornos crematorios nin que esmagasen as cabezas de nenos pequenos a golpe de culata ou que os metesen en sacos para que morresen gaseados” (Leiblich, 2008, p. 25), pero despois de anos de tortura, mostraban indiferenza ante o tema: “impórtanos tan pouco a vida, non temos nada que perder” (Weissová, 2013, p. 148).

Rutka é un exemplo da normalización da violencia: “Vin cos meus propios ollos, como un soldado arrincaba un bebé das mans da nai e lle abría a cabeza a golpes contra un poste de electricidade. Os miolos da criatura salpicaron a madeira. A nai toleou. Agora escriboo coma se non pasase nada [...] xa me volví tan indiferente” (Leiblich, 2008, p. 30). Tamén Mary Berg menciona a existencia de patrullas de destrución (*Vernichtungskimando*) que irrompían nos guetos para cometer pogromos, así como as múltiples deportacións de nenos (Figura 8 do anexo) e matanzas dos mesmos:

Cuadrillas de nenos, tomados entre si das mans, comezaron a camiñar cara á porta de saída. Había pequenos de dous ou tres anos entre eles, mentres os maiorciños terían talvez trece. Cada neno levaba unha maletinha na man. Todos vestían mandís brancos. Camiñaban [...] tranquilos [...] Foron dirección ao cemiterio. No que todos os nenos foron fusilados. Tamén nos informaron que o doutor Korczak foi obrigado a contemplar as execucións e que finalmente tamén el foi asasinado (Berg, 2010, p. 113).

Pero tamén inclúen relatos que lles contaron:

A casa da morte que existe en Treblinka está situada nun bosque tupido. A xente é conducida ata alí en camións e logo ordénaselles espirse por completo. Dáselle a cada un unha pastilla de xabón e díselles que deben bañarse antes de ir ao campo de traballo. As persoas espidas [...] son conducidas a unha casa de baños [...]. Despois [...] envíanse polas xanelas poderosas correntes de vapor quente concentrado. En poucos minutos a xente afógase no medio de horribles dores (Berg, 2010, p. 136).

É notable que os nenos sobreviventes xeralmente experimentan sentimentos de culpabilidade por sobrevivir, pero tamén mostran un desexo de vivir: “a pesar de todas as atrocidades, quero vivir e espero ao día seguinte, o que neste momento significa esperar Auschwitz ou os campos de traballos forzados” Leiblich, 2008, p. 36).

3.1.3. A guerra

En todos os diarios fanse alusións á guerra (Figura 9 do anexo). Algúns momentos destacados inclúen cando os alemáns invaden os seus países e os ataques aéreos, que os obrigaban a resgardarse en refuxios improvisados e causaban caos nas cidades, con obxectos e persoas por todas partes e un fedor insoportable. Sinálanse momentos chave como a capitulación de Varsovia, a caída de París, a entrada na guerra de Estados Unidos ou os bombardeos sobre as cidades xaponesas. Conforme avanzaba a guerra, tamén o facía o nerviosismo e mal humor dos vixiantes dos campos, prestando menos atención aos prisioneiros. Ademais, móstrase o desexo de que a guerra termine pronto, aínda que moitos dubidaban da credibilidade desa posibilidade. De feito, cando a guerra chega ao seu fin (Figura 10 do anexo), Helga atopábase no campo de Mauthausen e escribe o seguinte:

Deixaron de repartir sopa. Todos [...] se abrazan. Xa podían deixar estar todas estas bobadas e repartir comida. É máis importante que todo o demais. [...] Hai cada vez máis voces [...] “Paz, paz, paz” [...] ondea [...] a bandeira da paz [...] a palabra coa que levamos anos enteiros soñando. [...] O fin da tiranía, da miseria, da escravitude, da fame [...] Sobrevivimos á guerra. CHEGOU A PAZ (Weissová, 2013, pp. 176-177).

3.2. Necesidades básicas dentro dun campo

Os diarios resultan de grande utilidade para ilustrar todo o relacionado coas necesidades básicas, que inclúen a alimentación, a inxestión de auga e o aseo. Tamén abordan outras cuestións como as enfermidades, as condicións de temperatura e o vestiario, dado que inciden directamente na supervivencia dos individuos.

Unha das principais preocupacións que se mencionan é a alimentación. En xeral, faise referencia a que non comían todos os días e que cando o facían era en pequenas

cantidades, que diminuían co tempo, volvéndose máis escasas e custosas, ademais de ser de mala calidade, a miúdo fría e en mal estado; o que causaba unha alta mortalidade. Entre os alimentos mencionados (Figura 11 do anexo) atópanse o pan, as sopas, as patacas, algunhas verduras, peixe en mal estado e café. Tamén é importante considerar que grande parte da comida obtíñase de maneira clandestina de hortas e mediante o contrabando, que ademais de produtos de primeira necesidade, introducían licores e outros bens secundarios para aqueles con máis recursos.

Obsérvase a diferenza entre Auschwitz, onde cinco ou dez persoas compartían unha mesma pota, e outros campos onde cada individuo tiña a súa propia “vaixela”, o que os nenos describen como un retorno para non ter que comer coas mans como animais. En canto á repartición de comida (Figura 12 do anexo), os anciáns eran os máis prexudicados ao recibir racións máis pequenas (Figura 13 do anexo). No caso dos nenos, ás veces asignábenselles porcións especiais de comida.

Tamén se describe como a sede é aínda peor que a fame, narrando momentos nos que non teñen auga para beber, o que consideran insufrible. Estas condicións afectan directamente á saúde, debilitando a todos (Figura 14 do anexo). Ao que hai que sumar as condicións de hixiene, mencionando que se vían obrigados a asearse con auga fría en baños (Figura 15 do anexo), cando tiñan a sorte de ter acceso a eles, e ás veces nin sequera podían bañarse, tendo que facelo ás agachadas en fábricas ou con cubos nos barracóns. En canto ao xabón, adoitaba estar racionado, polo que cada persoa debía administrar o seu, se é que o tiñan. Aínda que o máis repugnante poida que foran os excrementos, polo menos no gueto de Varsovia, que eran lanzados á rúa xunto co lixo.

As temperaturas eran extremas; en Auschwitz, por exemplo, a calor do día causaba desmaios, mentres que o frío da noite conxelaba. En xeral, os nenos falan do frío e da neve, sendo común ver cadáveres nas rúas conxelados durante o inverno. Aínda que tamén destacan a ausencia da natureza: “vai ser insoprible permanecer encerrado nesta gaiola gris sen poder ver os campos nin as flores” (Leiblich, 2008, p. 24). Por outra banda, os dormitorios, liteiras e a roupa estaban infestados de chinches e piollos (Figura 16 do anexo). Respecto ás chinches, había tantas que mesmo competían por ver quen atrapaba máis. Ademais, nalgunhas noites realizaban desinfeccións (Figura

17 do anexo), durante as cales obrigaban aos prisioneiros a espirse e pasar por varias duchas, pero finalmente devolvíanlles a mesma roupa, só que intercambiada coa doutros.

Estas condicións propiciaban a proliferación de enfermidades e epidemias, entre as cales se mencionan a escarlatina, o tifo (chegando a matar ata cincocentas persoas por día), o escorbuto, a encefalites e a tuberculose, así como unha variedade doutras afeccións como cataplasmas, pneumonía, inflamación do oído, hepatite e anxinas, entre outras. A falta de medicamentos era evidente e as enfermerías e hospitais “públicos” non podían facer fronte á alta demanda, creándose hospitais e médicos privados para aqueles máis adineirados. No gueto de Varsovia, por exemplo, só había tres ambulancias, polo que ás veces recorríase ao uso de *rikshas* (carros de man).

No que respecta ao descanso nos campos, durmir era unha tarefa difícil debido á presenza de insectos e á escaseza de colchóns e mantas. As camas compartíanse como se podía (Figura 18 do anexo), e algúns cuartos presentaban pingueiras e xeo nas paredes. A alta concentración de persoas en espazos reducidos era notable: “metémonos os pés na cara unhas ás outras, é un horror” (Weissová, 2013, p. 65) e “todos os pisos están colmados e hai un termo medio de seis a dez persoas por habitación” (Berg, 2010, p. 49). No caso de Terezin, menciónanse uns dormitorios especiais para nenos, os *kinderheims*, que eran mellores que os destinados aos adultos. Nalgunhas ocasións os nenos ocupábanse de pintar as liteiras, tinguir as cortinas, colgar cadros, fotografías e postais para simular un ambiente caseiro.

En canto á roupa, nos guetos faise escasa referencia a este aspecto, coa excepción de Mary, quen destaca a importancia das pezas luxosas usadas polas xudías máis adineiradas. Esta situación cambia drasticamente en Auschwitz, onde se mencionan os pixamas a raias, aínda que os prisioneiros a miúdo estaban medio espidos e calzaban con zocos holandeses, ás veces con só un. Respecto á distribución da roupa, non se fai mención a tallas, simplemente debíanse conformar coas pezas dispoñibles; a escaseza era tal que algunhas persoas levaban a mesma roupa interior durante meses.

En resumo, a situación xeral poderíase resumir en fame, sucidade, epidemias e morte, ao que habería que sumar o medo: “os tentáculos dese medo envólvennos a

todos e non nos deixan respirar” (Leiblich, 2008, p. 45). Con todo, os mesmos comentan que “un aguanta moito máis do que cre” (Weissová, 2013, p. 136).

3.3. Quefaceres, ensinanza concentracionaria e política de control

No que respecta ás actividades culturais, estas moitas veces estaban impregnadas de bromas relacionadas coa difícil situación que estaban a atravesar. Menciónase a realización de espectáculos, obras de teatro, veladas, concertos (Figura 19 do anexo), conferencias e cafés, así como a celebración de diversas festividades (Figura 20 do anexo) como Aninovo, o Día da Nai, Janucá, Nadal ou os aniversarios, aínda que se levaban a cabo de maneira clandestina.

Petr, fundou e dirixiu a revista *Vedem*, na que publicaba artigos, poemas e reflexións sobre o pasado e o futuro, mostrando a súa esperanza e fe en que as cousas ían cambiar. Mary, pola súa parte, formaba parte do Grupo Artístico de Lodz, que organizaba espectáculos culturais con fins benéficos. Ademais destas, realizábanse outras actividades recreativas como a lectura, escritura, pintura ou xogos (Figura 21 do anexo) como as canicas, as buxainas ou ir ao parque. Por exemplo, no gueto de Varsovia, creouse un lugar onde os nenos podían xogar: “os seus berros de gozo e os seus cantos alegres resoaron no aire. As cariñas sonrosadas e riseiras dos nenos foron talvez o mellor premio que recibiron os que crearon ese pequeno refuxio de liberdade para os pequenos prisioneiros do gueto” (Berg, 2010, p. 95).

Pódense chegar a identificar momentos de felicidade: “foi para nós a mellor época de Terezin, aquí pasamos os momentos máis felices” (Weissová, 2013, p. 120). Durante este tempo, os nenos, e os que estaban entrando na adolescencia, prestaban atención a asuntos propios da súa idade, como os amores: “séntense máis atraídos entre si que en tempos normais, como sedentos de protección e agarimo” (Berg, 2010, p. 72), as amizades e a súa aparencia física: “son alta, delgada, teño unhas pernas nada feas” (Leiblich, 2008, pp. 18-19), así como a atención á escasa natureza (Figura 22 do anexo) ou a soños (Figura 23 do anexo).

No que respecta á educación, levaban a cabo clases clandestinas nos dormitorios (Figura 24 do anexo) e sotos dos campos, onde se ensinaba checo, caligrafía (Figura 25

do anexo), xeografía, historia, matemáticas e debuxo (Figura 26 do anexo), aínda que os libros eran difíciles de conseguir debido á súa prohibición. Neste contexto, destaca o entusiasmo de Petr por aprender, realizando traballos preparatorios para os seus estudos de humanidades e escribindo novelas, entre as que se inclúen: *Recordo de Praga*, *O tolo agosto*, *Paseos por Terezin*, *Os grabados sobre linóleo*, *O ladrón de orquídeas* e unha novela inconclusa *O segredo da cova do demo*. Hai diferenzas notables nos guetos, como o de Varsovia, no cal se estableceron cursos de sete meses para os xudeus, destinados a cubrir diversas necesidades, como enfermería, debuxo de máquinas, artes gráficas ou arquitectura.

En canto ao traballo, menciónanse unha variedade de ocupacións (Figura 27 do anexo), que inclúen a recolección de maletas, traballo de oficina, costura, modistería, construción e obras ferroviarias, entre outras. Helga, en Terezin, conseguiu emprego no xardín (Figura 28 do anexo) e en Freiberg traballou nunha fábrica de avións. Ben é certo que os nenos de menor idade tiñan limitacións para acceder a certos postos. En canto ás xornadas laborais (Figura 29 do anexo), polo xeral estendíanse ata doce horas, distribuídas en distintas quendas, con pausas moi curtas ou ás veces un só descanso dunha hora. Con todo, os nenos a miúdo tiñan a posibilidade de irse ata dúas horas antes que os adultos.

Entre as referencias ao control e a disciplina, destacan os frecuentes recontos (Figuras 30 e 31 do anexo) e os castigos impostos. Por exemplo, relátase como nove mozos foron condenados á morte e obrigados a cavar as súas propias tumbas fronte a todos por enviar mensaxes ás súas nais. Outros eran fusilados por infraccións das normas ou mesmo sen motivo aparente, por diversión dos gardas: “mentres conversaba con cara riseira cun xudeu, sacou o seu revólver e matou dunha bala na cabeza a outro xudeu que estaba preto. Logo volveuse e matou tamén o xudeu con quen estaba falando tan amablemente” (Berg, 2010, p. 131).

Unha cuestión vital, especialmente nos guetos, era o contrabando. Os nenos desempeñaban un papel crucial neste aspecto, xa que se coaban polas rúas sen ser vistos⁴. A situación era tan grave que se ordenaba á comunidade xudía que se ocupase

⁴ É fundamental porque algúns gardas facían a vista gorda, quizais por ter algo de compaixón ou mesmo nenos na súa casa. Con todo, outros disparaban sen piedade aos nenos indefensos.

deste asunto. Así, formábase unha milicia xudía para colaborar coa policía polaca no mantemento da orde no gueto, o que tamén implicaba impedir a mendicidade. Dita milicia supuña, inicialmente, unha mellora das condicións da familia do mesmo.

O correo e a mensaxaría era unha actividade ilegal, polo que en ocasións enviábanse cartas de maneira clandestina, utilizando códigos para comunicarse. Mary relata como se senten illados debido á falta de radios, teléfonos e xornais, aínda que a súa nai, ao ser estadounidense, ten permitido saír do gueto e enviar cartas ao estranxeiro. É relevante mencionar a existencia do único xornal legal para os millóns de xudeus de Polonia: a *Gazeta Zydowska*; información que era contrastada con xornais ilegais.

4. Memoria

Este apartado ten como obxectivo profundar na memoria do Holocausto, comprender o testemuño das superviventes e a forma en que, case oitenta anos despois da súa conclusión, segue sendo lembrado en ámbitos institucionais, museísticos e na cultura popular.

4.1. As superviventes

Consideraranse as experiencias das dúas superviventes e autoras dos diarios: Helga Weissová e Mary Berg. Na entrevista, Helga revive os acontecementos cunha fidelidade que recorda á precisión do seu diario de anos atrás. Ademais, profunda en emocións que non expresara completamente neste. Por exemplo, describe vividamente a súa chegada a Auschwitz, o horror ao contemplar ás chemineas botando fume, que inicialmente cría que eran as fábricas nas que traballaría. Tamén expresa como facían plans para o futuro, destacando como “fomos nenos, e de súpeto adultos [...] e queríamos vivir de maneira normal”. Chama a atención, porque non se describe no diario, que narra como en Mauthausen foron deixadas sen comida, tendo que cocíñar herba para subsistir, describindo aqueles días como aínda peores que en Auschwitz. Finalmente, reflexiona sobre o seu difícil regreso a Praga e a importancia de: “para que cando xa non poidamos falar, polo menos quede o noso testemuño” (Martín, 2015).

Por outra banda, sábese que Mary Berg arribou a Nova York con 19 anos, acompañada pola súa familia. Xusto despois da súa chegada, publicou o seu diario e

implicouse en diversas actividades (como marchas, charlas e entrevistas na radio) para axudar aos xudeus que aínda vivían en Polonia. Con todo, tras este período de intensa actividade pública, retirouse da vida mediática. E é que Berg publicara o seu diario coa intención de impulsar á acción; con todo, o mundo respondeu con indiferenza e moitos centos de miles máis morreron. Despois dese momento, Mary considerou que non había máis que engadir (Rosenberg, 2008 en Berg, 2010, pp. 164-166).

Estes dous exemplos ilustran dous enfoques diverxentes da memoria dos sobreviventes. Aqueles que seguen activos no seu labor de informar ao mundo sobre o que lles ocorreu, co fin de que nunca se esqueza; e os que son reticentes a revivir a situación, pois cren que cando necesitaban que lles prestasen atención, non o fixeron, e agora consideran que é demasiado tarde; vendo os seus esforzos como inútiles, xa que situacións similares seguen ocorrendo, como expresa Mary Berg: “non facer diferenza con todos os holocaustos que están a ter lugar agora en Bosnia ou Chechenia” (Rosenberg, 2008; en Berg, 2010, p. 165).

4.2. Memoria institucional e museística

Para estudar a memoria institucional e museística do Holocausto, utilizouse a páxina oficial de Yad Vashem, así como dous museos que se centran neste tema. Yad Vashem é o Centro Mundial de Conmemoración da *Shoah*, dende 1953, que ten por misión conmemorar, documentar, supervisar museos, investigar e educar sobre o Holocausto, lembrando aos xudeus asasinados polos nazis; celebrando o 27 de xaneiro o Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto. Respecto á honra da memoria dos nenos, poden consultarse na Base Central de Datos de Nomes de Vítimas da *Shoah*. Ademais, desenvolve programas educativos, baseados en testemuños escritos polos propios nenos, ofrecendo unha visión única das súas vidas, gustos e soños (Yad Vashem, 2024).

O Museo Estatal de Auschwitz-Birkenau, alberga unha variedade de recursos como un apartado de noticias, unha colección de obras de arte relacionadas co campo de Auschwitz-Birkenau, arquivos que preservan e ofrecen acceso a unha ampla gama de materiais relacionados co campo; incluíndo unha galería de fotos e unha base de datos exhaustiva dos prisioneiros. En canto á historia, en contraste con Yad Vashem,

distingue entre diferentes categorías de prisioneiros: xudeus, polacos e romanís entre outros. Detalla a vida no campo, dende os rigorosos castigos ata os horrores dos experimentos médicos. A narrativa esténdese ata a liberación do campo e a devastadora cifra de vítimas (Museo Estatal de Auschwitz-Birkenau, 2024).

Dedícase unha sección exclusiva aos nenos e estímase que residían en Auschwitz ao redor de 232.000 menores de 18 anos. Moitos deles, ao non ser aptos para traballar, eran destinados directamente ás cámaras de gas ou a experimentos médicos inhumanos, e os recién nados eran sistematicamente executados. Detállase como, tras a súa liberación, o 60% mostraba deficiencias vitamínicas e desnutrición, mentres que o 40% padecía tuberculose, reflectindo o devastador impacto físico e emocional da súa experiencia no campo (Museo Estatal de Auschwitz-Birkenau, 2024).

O Museo Conmemorativo do Holocausto dos Estados Unidos, conta con exposicións permanentes, itinerantes e coleccións. Ademais, ofrece un espazo dedicado á aprendizaxe sobre o Holocausto, así como á prevención do xenocidio. Con todo, a súa característica máis notable é o tributo aos sobreviventes e ás vítimas, recollendo as súas memorias; un dos aspectos máis salientables son as tarxetas de identificación, incluíndo unha breve biografía, con información detallada tamén sobre os nenos, aínda que carece dunha dedicación exclusiva a eles (MCHEE, s.f. 2a).

4.3. Memoria da cultura popular

Analizarase a representación da memoria da cultura popular a través de filmes icónicos como *The Boy in the Striped Pyjamas* e *La vita è bella*. A primeira presenta unha historia protagonizada por dous nenos de oito anos: Bruno, fillo dun nazi, e Shmuel, un neno xudeu; ofrecendo unha perspectiva sobre a comprensión e vivencia do Holocausto por parte dos nenos. O segundo filme ilustra como os nenos poden non comprender completamente o que sucede ao seu ao redor, especialmente porque o pai de Giosuè (o neno protagonista), Guido, méntelle para evitar que teña medo.

Amosan como se utilizou o ensino nos nenos para promover a idea de que os xudeus eran o inimigo e para perpetuar a teoría das razas. Así como a política das deportacións e como os nenos continúan xogando, a miúdo á guerra, sen darse conta

do que sucede ao seu redor. En *La vita è bella*, destácanse máis aspectos da política antisemita, como a discriminación de entrada en establecementos e a marca de negocios xudeus. Ambas aluden á Solución Final, pero desde dúas perspectivas: a dos asasinados, a través do pai de Bruno, quen non considera aos xudeus persoas e xustifica a crueldade cara a estes como necesaria para salvar á patria; e a das vítimas con Giosuè e a súa familia. Ao contrario que nos diarios, nas películas apenas se fai referencia á guerra, soamente unha breve alusión aos bombardeos sobre Berlín ou ao fin da mesma.

As dúas películas tratan o tema das cámaras de gas de maneira similar, onde as vítimas son enganadas para entrar baixo a premisa dunha ducha, son obrigadas a espirse e logo son gaseadas ata a morte entre fortes dores. Con todo, diferénciase en como se seleccionan as vítimas: aparentemente ao azar en *The Boy in the Striped Pyjamas*, e de maneira máis organizada en *La vita è bella* (primeiro os anciáns e nenos e despois os adultos non aptos para traballar). Na que tamén se fai referencia ao rumor de que se fan xabóns e botóns cos xudeus, e que estes son queimados en fornos; mentres que en *The Boy in the Striped Pyjamas*, alúdese ao fumo que sae das chemineas, pero descoñecendo o que se estaba a queimar tanto por parte dos arios como dos xudeus de dentro do campo, só sabendo o que ocorre os soldados nazis.

En canto ás condicións dentro do campo, faise referencia á fame e a desnutrición en ambos filmes e tamén se mostra como os prisioneiros son marcados cun número nos seus uniformes a raias, resaltando en *La vita è bella* que as mulleres levan vestidos de raias e a Giosuè non lle cambian a roupa. Ademais, en *The Boy in the Striped Pyjamas*, obsérvase sucidade e enfermidades, así como o rapado de pelo, algo que non é tan protagonista en *La vita è bella*, aínda que si que se ve o ateigamento e o mal cheiro. Abórdase o tema do traballo forzado e os castigos, mostrando como os prisioneiros traballaban ata máis non poder por medo a ser asasinados e aos castigos severos. En canto aos xogos, Shmuel di que lle gusta xogar, pero non no campo; mentres que Giosuè pasa o día xogando con outros nenos ou só.

Conclusiones

Para concluír examínanse as respostas obtidas aos interrogantes expostos ao comezo do traballo. Comezando coas leis antisemitas, resulta notable como todos os

nenos rexístranas nos seus respectivos diarios, outorgando especial atención ao distintivo da estrela de David. Isto suxire que, a pesar de ser medidas que se implementan de maneira progresiva, non deixan de alterar profundamente a vida que coñecían ata entón. Sorprende, en resposta á pregunta sobre se comprendían a gravidade do asunto, que todos adopten unha actitude similar, tratando de minimizar a súa importancia e véndoas máis como un xogo ou unha forma de resistencia pacífica ante a autoridade.

No que respecta á Solución Final, inicialmente non era obxecto de estudo, pois supúñase que os nenos descoñecían por completo a súa existencia, unha suposición que se corresponde coa realidade mesmo para aqueles dentro de guetos e campos de concentración, a pesar da violencia que os rodea, algúns chegando mesmo a afirmar que era imposible matar a tanta xente. Con todo, co paso do tempo e/ou cando son trasladados a campos de exterminio, descubren a cruel verdade, detallando cada aspecto minucioso da mesma. Ben é certo que o coñecemento sobre as deportacións si existía desde o principio, aínda que moitos nenos pensaban que, como se lles dicía, ían a un lugar mellor para eles. Aínda así, os máis novos non deixan de plasmar nos seus escritos e debuxos a tristeza e a incerteza que lles xeraban estas situacións, o que amosa que lles afectaba enormemente.

A guerra tampouco foi considerada desde un principio, pero evidenciouse como en cada un dos diarios, así como nalgúns debuxos, se fan referencias á mesma, aínda que con pouca precisión, sendo a maioría alusións a batallas ou eventos realmente importantes, o que reflicte a falta de información coa que contaban.

En canto á vida nos campos, desde o punto de vista da alimentación, constatouse que esta era moi deficiente, chegando mesmo a casos de ausencia total de inxestión. E, aínda que se mencionaron algúns casos de merendas ou comidas destinadas especificamente aos nenos, a escaseza de referencias suxire que isto non era o habitual. Observouse que as condicións hixiénicas eran precarias, con duchas escasas de auga fría, o que propiciaba o desenvolvemento de diversas enfermidades, incluídas epidemias mortais como o tifo. Chama a atención como os diarios apenas abordan o tema do cheiro do lugar, que seguramente sería nauseabundo.

En relación coa política de reutilización e repartición da roupa, contemplouse que os nenos non tiñan acceso a unha “sección de roupa infantil” e que a distribución era desigual e aleatoria, incluso tendo que elixir entre levar roupa interior ou un pantalón nalgunhas ocasións. Nótase unha diferenza entre os guetos, onde xeralmente vestían coa roupa que trouxeran consigo, e os campos de concentración e exterminio, onde adoitaban usar un traxe de raias como uniforme. A maiores, a pesar de non ser considerados inicialmente, os diarios mostran que os nenos tiñan en conta cuestións como o descanso, xeralmente malo, en liteiras compartidas inzadas de pulgas e chinches, así como as temperaturas extremas, destacando a calor extrema durante o día e o frío intenso durante a noite, o que suxire que moitos campos foron seleccionados polas súas condicións climáticas adversas.

En canto o lecer, atopouse que a vida cultural nos guetos era rica e clandestina, con concertos e representacións teatrais clandestinas, mentres que en lugares como Auschwitz o tempo para o lecer era escaso. A pesar diso, esta cotiandade pode considerarse como unha forma de resistencia, xa que contribuía a humanizar a quen estaba sendo despouído da súa humanidade. Dentro do ámbito educativo, aprécianse diferenzas significativas, con actividades clandestinas e recursos limitados nos campos de concentración, mentres que nalgúns guetos, como en Varsovia, os nazis ás veces promovían a educación enfocada ás profesións necesarias dentro do mesmo.

O traballo era moi variado e a única diferenza apreciable con respecto aos adultos era que aos nenos non se lles permitía desempeñar todos os traballos, tendo que realizar algúns menos duros, como o traballo nun xardín, por exemplo, e tamén tiñan xornadas laborais lixeiramente máis curtas, de 10 horas en lugar de 12. A política de castigos era igualmente variada e non parecía haber unha diferenza especial segundo a idade dos prisioneiros, que en todo caso eran severos.

Inicialmente non se consideraron aspectos como a mensaxaría ou o contrabando, pero incluíronse no traballo debido á súa relevancia segundo algúns nenos nos seus diarios, indicando que a mensaxaría estaba restrinxida e controlada, o que limitaba o seu acceso a información veraz, mentres que o contrabando menciónase como crucial para mellorar a alimentación, principalmente.

Doutra banda, buscouse explorar brevemente a memoria tanto das vítimas como da poboación en xeral. Observouse que as sobreviventes aínda lembran con claridade as súas experiencias durante a infancia, o que subliña a intensidade do seu sufrimento; decidindo compartilo ou tentar esquecelo. En canto á política conmemorativa nos museos destaca pola súa constante homenaxe a todas as vítimas do Holocausto, mentres que a institución Yad Vashem céntrase exclusivamente nos xudeus. Con todo, é certo que en case todos os casos se presta especial atención aos nenos.

Por último, a memoria na cultura popular, examinada a través de películas, proxéctase de maneira bastante precisa a experiencia dos nenos durante o réxime nazi, aínda que se poden sinalar certos detalles, como en *La vita è bella*, onde os presos teñen plena conciencia dos métodos de exterminio utilizados polos nazis, o que podería ser discutible en canto á súa precisión histórica. Con todo, estes detalles contribúen a unha mellor comprensión da trama e non afectan significativamente á comprensión da traxedia e o papel dos nenos.

En resumo, os obxectivos do traballo poderían considerarse cumpridos, xa que se logrou analizar tanto a experiencia dos nenos no sistema concentracionario como a memoria contemporánea do mesmo. Con todo, o que se plasmou non deixa de ser unha pequena mostra de toda a información recollida dos diarios, como consecuencia da falta de espazo, sendo isto exemplo da riqueza que se atopa en materiais non tan habituais para a análise histórica. Polo que, debido á escaseza dos estudos actuais dispoñibles, sería interesante ampliar a investigación utilizando múltiples fontes, como testemuños de adultos ou documentos oficiais, para establecer hipóteses sobre a experiencia dos nenos no sistema nazi e en que medida difire da dos maiores.

Bibliografía e fontes

Bibliografía:

Arendt, H. (1951). *The Origins of Totalitarianism*. Schocken Books.

Ávila, M.C. (2014). “Hannah Arendt and concentration camps: An image of hell”. *Alpha (Osorno)*, (39), 177-187.
<https://dx.doi.org/10.4067/S0718-22012014000200012>.

Bauer, Y. (1978). *The Holocaust in Historical Perspective*. Australian National University Press.

Bevilacqua, G. (2022). “El “proceso de singularización” y los inicios de la historiografía del Holocausto (1960-1980)”. *Revista De História*, 181, 1-29.
<https://doi.org/10.11606/issn.2316-9141.rh.2022.193581>.

Bokser, J. (2017). “Holocausto, Modernidad, memoria.... Nuevas reflexiones críticas en torno a Bauman”. *Revista mexicana de ciencias políticas y sociales* 62(230), 339-358.

Dwork, D. (1991). *Children with a Star: Jewish Youth in Nazi Europe*. Yale University Press.

Heberer, P. (2011). *Children during the Holocaust*. Rowman Altamira.

Hilberg, R. (1961). *The Destruction of the Europeans Jews*. Quadrangle Books.

Lozano, Á. (2010). *El Holocausto y la cultura de masas*. Melusina.

Smith, M.J. (1972). *The Harrowing of Hell: Dachau*. State University of New York.

Stanisław Ciechanowski, Jan. (2005). “Los campos de concentración en Europa. Algunas consideraciones sobre su definición, tipología y estudios comparados”. *Ayer: Revista De Historia Contemporánea*, 57(1), 51–79.
<https://www.revistasmarcialpons.es/revistaayer/article/view/stanislaw-los-campos-de-concentracion-en-europa>.

Wachsmann, N. (2015). *A History of the Nazi Concentration Camps*. Farrar, Straus and Giroux.

Wang, D. (2004). *Los niños escondidos: Del Holocausto a Buenos Aires*. Marea Editorial.

Wieviorka, A. (2006). *The Era of the Witness*. Cornell University Press.

Fontes:

Debuxos

Asociación de Amistad Colombo Checa. (2012). *Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin*. Guías de Impresión.

El País. (2018, 20, marzo). *Dibujos de la niñez y de la adolescencia de Helga Weissová*. https://elpais.com/elpais/2018/03/19/album/1521487526_181863.html.

Radio Sefarad. (s. f.). *Auschwitz a través de la mirada de un niño. Los dibujos de Thomas Geve, con Laura Miñano*. <https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.

Diarios

Berg, M. (2010). *El Gueto de Varsovia. Diario 1939-1944*. Sefarad Editores.

Ginz, P. (2006). *Diario de Praga. 1941-1942*. Acantilado.

Leiblich, R. (2008). *El cuaderno de Rutka*. Suma De Letras.

Weissová, H. (2013). *Diario de Helga: testimonio de una niña en un campo de concentración*. Sextopiso.

Museos e instituciones

1a Museo Conmemorativo del Holocausto de los Estados Unidos. (s.f). *Los campos de concentración, 1939-1942*. <https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/concentration-camps-1939-42>.

2a Museo Conmemorativo del Holocausto de los Estados Unidos. (s.f). *Trajeta de identificación*. <https://encyclopedia.ushmm.org/landing/en/id-cards>.

Museo Estatal de Auschwitz-Birkenau. (2024). *Destino de los niños*. <https://www.auschwitz.org/en/history/fate-of-children/>.

The Guardian. (2017, 20, septiembre). *My Nazi death camp childhood diary – in pictures*.

<https://www.theguardian.com/lifeandstyle/gallery/2013/feb/22/helga-weiss-childhood-diary-nazi-camps>.

Yad Vashem (2024). *Ceremonia para los días de Recordación del Holocausto: Infancia durante el Holocausto*. https://www.yadvashem.org/es/education/educational-materials/ceremonies/children.html#footnote2_7f9scy3.

Películas e entrevistas

Benigni, R. (Diretor). (1997). *La vita è bella* [película]. Gianluigi Braschi; Elda Ferri.

Herman, M (Diretor). (2008). *The Boy in the Striped Pyjamas* [Película]. David Heyman.

Martín, T. (2015). *Helga y las mariposas* [Programa]. RTVE. <https://www.rtve.es/play/videos/en-portada/portada-helga-mariposas/3307801/>.

Rosenberg, A. (2008). “Tablet” en Berg, M. (2010). *El Gueto de Varsovia. Diario 1939-1944*. Sefarad Editores, pp. 164-166.

Anexo

Figura 3: Petr Ginz (1942). *Poema*

Agora xa todo o mundo sabe
quen é xudeu e quen é ario
porque ao xudeu recoñéceselle
pola estrela amarela e negra.

E o xudeu, unha vez marcado,
ten que acatar as ordenanzas:

Todos os días, a partir das oito,
debe dedicarse á súa familia,
só pode traballar de peón,
e non prestarlle a nada atención,
non ser dono nin dun cachorro
e de afeitarse nin falar.

E a xudía que antes era rica
non pode ter nin sequera un gato,
ten que ensinar aos nenos en casa,
facer as compras de tres a cinco,
non pode haber xoias, allo ou viño,
concertos, teatro ou cinema,
coches, casas, gramófonos,
peles, esquís, teléfonos,
carne de porco, cebolas, queixo,
aparellos ou balanzas,
harmónicas para tocar
ou un canario para entreterse,
bicicletas ou barómetros,
calcetíns ou xerseis.

E sobre todo o criminal xudeu,
debe abandonar os seus hábitos:
comprar zapatos ou traxes, non,
as tendas non son para el,
nin aves de corral ou xabón de afeitar,
carné de conducir ou licores,
revistas ou xornais,
bombóns ou máquinas de coser,
calzóns de abrigo, nin sequera un par,
nin tendas, campos ou minas,
nin accións, fábricas ou casas,
nin sardiñas, nin froita, nin peixe.

Poida que aínda falte algo.
Hai aínda moitas máis cousas.
Mellor que non compres nada!

Afaite a ir a pé
faga bo tempo ou chova.
Non saias do teu edificio
e nin se che ocorra tomar o tren.
Claro que tampouco podes tomar un rápido
ou un tranvía ou un taxi
e por grande que sexa a tentación
nin se che ocorra entrar nun bar,
nin andar xunto ao río, nin ver unha
exposición,
ou ir ao museo ou á piscina,
ao correo ou andar polas plataformas,
a tomar café ou aos estadios,
ao templo, á sala de xogos
ou aos baños públicos.
E anda tamén con coidado
polas avenidas principais
ou as grandes tendas!
E se queres gozar do mundo
mellor é que vaias ao cemiterio,
ponte elegante para ver as tumbas
e aproveita para respirar aire puro alí,
xa que non podes entrar en ningún outro
xardín.

O xudeu, por listo que sexa,
ten a conta do banco bloqueada,
abandonou os malos costumes,
e cos arios xa non se relaciona.

Ningún deles podía antes dispoñer
máis que de mochila, maleta e correa.
Agora xa non ten nin ese dereito,
pero o xudeu segue sen queixarse.
Só atende ao regulamento
e segue sempre con todo contento.

Figura 4: Helga Weissová (1943). *Lista de posesións* [debuxo].



Diario de Helga, p. 46.

Figura 5: Helga Weissová (1942). *Chegada a Terezin* [debuxo].



Diario de Helga, p. 61.

Figura 6: Malvína Löwová (s.f). *Unha familia deportada guiada por un home armado, ameazando xente no campo* [debuxo].



Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 13.

Figura 7: Thomas Geve (s.f). *“Candidatos á morte” - A selección* [debuxo].



Radio Sefarad.
<https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.

Figura 8: Helga Weissová (1943). *O transporte de nenos polacos* [debuxo].




The Guardian.
<https://www.theguardian.com/lifeandstyle/gallery/2013/feb/22/helga-weiss-childhood-diary-nazi-camps>.

Figura 9: Jiří Metzl (s.f). *Guerra* [debuxo].



Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 10.

Figura 10: Thomas Geve (s.f).
 “Chamada das nações” - *Marcha do 1 de maio - vitória e memória* [debuxo].



Radio Sefarad.
<https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.

Figura 11: Thomas Geve (s.f). “O que comemos” - *“Fame”* [debuxo].



Radio Sefarad.
<https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.

Figura 12: Helga Weissová (1942). *Pan nos coches fúnebres* [debuxo].



The Guardian.
<https://www.theguardian.com/lifeandstyle/gallery/2013/feb/22/helga-weiss-childhood-diary-nazi-camps>.

Figura 13: Helga Weissová (1943). *Raspando as sobras* [debuxo].




Diario de Helga, p. 85.

Figura 14: Helga Weissová (s.f). *Mulleres en Auschwitz* [debuxo].



El País.
https://elpais.com/elpais/2018/03/19/album/1521487526_181863.html.

Figura 15: Ruth Klaubaufová (s.f). *Duchas* [debuxo].



Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 22.

Figura 16: Thomas Geve (s.f). *Parásitos* [debuxo].



Radio Sefarad.
<https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.

Figura 17: Thomas Geve (s.f). *“Desinfección” - Convertido nun prisioneiro* [debuxo].



Radio Sefarad.
<https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.

Figura 18: Helga Weissová (1942). *O dormitorio nos barracóns de Terezin* [debuxo].



Diario de Helga, p. 64.

Figura 19: Helga Weissová (1942). *Concerto no dormitorio* [debuxo].



El País.
https://elpais.com/elpais/2018/03/19/album/1521487526_181863.html.

Figura 20: Eva Meitnerová (s.f). *Celebración da festa Pesach no cuarto 17* [debuxo].



Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 25.

Figura 21: Helga Weissová (1941). *Boneco de neve* [debuxo].



The Guardian.
<https://www.theguardian.com/lifeandstyle/gallery/2013/feb/22/helga-weiss-childhood-diary-nazi-camps>.

Figura 22: Margit Koretzová (s.f). *Bolboretas* [debuxo].



Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 28.

Figura 23: Nora Freundová (s.f). *Soños sobre Palestina* [debuxo].




Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 29.

Figura 24: Vilém Eisner (s.f). *Ensinanza na casa dos nenos* [debuxo].




Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 26.

Figura 25: Petr Ginz (s.f). *Caligrafía* [debuxo].



Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 32.

Figura 26: Josef Bäuml (s.f). *Exercicios de debuxo* [debuxo].



Siempre volveré a vivir... Los dibujos de los niños de Terezin, p. 31.

Figura 27: Thomas Geve (s.f). *Así trabajamos* [debuxo].



Radio Sefarad.
<https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.

Figura 28: Helga Weissová (1943). *Cultivando* [debuxo].



Diario de Helga, p. 117.

Figura 29: Thomas Geve (s.f). *Rutina diaria* [debuxo].



Radio

Sefarad.

<https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.

Figura 30: Helga Weissová (1945-1946). *Contando pernas* [debuxo].



Diario de Helga, p. 137.

Figura 31: Thomas Geve (s.f). *Pola noite* [debuxo].



Radio

Sefarad.

<https://www.radiosefarad.com/auschwitz-a-traves-de-la-mirada-de-un-nino-los-dibujos-de-thomas-geve-con-laura-minano/>.